

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Taxas definitivas abastecemento

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 5 de decembro de 2019, acordou a aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable para o ano 2020.

O anuncio da aprobación inicial foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 9) do 15/01/2020 e no taboleiro municipal de anuncios por un prazo de trinta días, sen que se producisen reclamacións.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda elevado a definitivo o acordo plenario inicial, cuxo texto íntegro dos artigos modificados se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

“Artigo 7

A.-Tarifas do servizo de saneamento

A.1.- Para abonados con servizo de abastecemento

Cota fixa mensual: 1,762 Eur/ab.mes

Para os m³. facturados. en abastec.: 0,178 Eur/m³

A.2.- Para abonados sen servizo de abastecemento

Domestico e comercial: 15,52 Eur/ab.trim.

Industrial e obras: 26,61 Eur/ab.trim.

A.3.- Cota de conservación de acometidas de saneamento

Cota mensual: 0,359 Eur/ab.mes

A.4.- Cota por baleirado de fosas sépticas

Por volume da fosa séptica baleirado na EDAR: 6,150 Eur/ab.mes

B.-REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS E ENGANCHES

B.1.- REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS

1.-Acometida normal

Ud. acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubo de P.V.C. Ø160/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente, para unha lonxitude máxima de 5 m.

GABIA EN TERRA: 281,20 Eur/ud.

GABIA EN ASFALTO: 321,37 Eur/ud.

GABIA EN BEIRARRÚA: 361,57 Eur/ud.

GABIA EN ROCHA: farase orzamento para cada caso

2.- Acometida de maior lonxitude

Para las acometidas de máis de 5 metros terase un prezo por metro de exceso para lonxitudes non moi superiores aos 5 m. Para maiores distancias farase un orzamento en cada caso.

GABIA EN TERRA: 20,91 Eur/m.

GABIA EN ASFALTO: 36,03 Eur/m.

GABIA EN BEIRARRÚA: 42,62 Eur/m.

GABIA EN ROCHA: farase un orzamento para cada caso

B.2.- Taxa de enganche

- Por cada vivenda ou local : 80,33 Eur.

B.3.- Cambio de titular e taxa de alta

- Por cambio do titular

Por cada cambio de titular, previa autorización do Concello: 48,22 Eur.

- Taxa de alta

Por taxas administrativas por todos os conceptos: 40,18 Eur.”

Abegondo, 12 de marzo de 2020

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2020/2098